

BOULDER

EVA BALTASAR

TRADUCCIÓN:
ISAAC XUBÍN



1

Quellón. Chiloé. Unha noite de hai moitos anos. As dez pasadas. Nin ceo, nin vexetación, nin océano. Só o vento, a man que todo o colle. Somos, máis ou menos, unha ducia de persoas. Almas. Ás persoas, nun lugar coma este e a esta hora, poderíamos chamarlles almas. O peirao é pequeno e fai pendente. A illa entrégase á auga en bloques de formigón onde se suxeitan, un ao carón do outro, algúns embarcadoros. Parecen as cabezas deformes dos cravos que afianzan este peirao ao fondo do mar. Nada máis. Déixame pampa a quietude dos insulares. Sentan baixo a chuvia, espaxados, ao carón duns vultos enormes coma baúis. Cóbrense con plásticos resistentes ao vento, comen en silencio, cun termo entre as pernas. Agardan. A chuvia percute neles coma se estivese a maldicilos, pásalles furtivamente pola xiba abaixo e forma regatos que baixan até o mar, boca inmensa nunca cansa de recibir e tragar. Vai un frío curioso, probablemente bebín del porque podo sentilo en min, fanático, combativo, baixo a pel e máis profundo, nos arcos que entre eles constrúen os órganos. Insulares incomprensibles. Botei aquí tres meses, cociñando nun campamento de verán para adolescentes. No serán pedaleaba até a vila e bebía unha augardente no bar da pensión. Case ningunha muller. Ritual de traballadores. Os dentes manchados que saúdan. Os ollos negrísimos das árbores xenealóxicas que creceron aos poucos sobre a pedra salobre a falar comigo desde as mesas. A falar por todos os mortos.

Non son unha boa cociñeira, son unha cociñeira de rancho, apta, sen formación. O que máis me gusta do traballo é encargarme dos alimentos cando aínda están enteiros, cando hai algo neles que proclama un lugar, unha procedencia, e aquel raio inmediato de soidade que todo ser vivo necesita para crecer. Auga, terra, pulmóns. As condicións do silencio. Os alimentos teñen pel e prepararlos pide coitelos. Se na cociña son boa nalgunha cousa é en cuartealo todo. O resto non é unha arte. Condimentar, mesturar, dar calor... as mans acaban por afacerse, diríxense soas. Traballei en colexios, en xeriátricos e nunha prisión. Os traballos dúranme semanas, escorréganme, son unha graxa que vou desfazendo. O meu último xefe, antes de vir a Chiloé, quixo darme unha explicación: o problema non era a comida, era eu. Nunha cociña trabállase en equipo, debía buscar unha cociña moi pequena se quería traballar soa e seguir vivindo disto.

O barco chega na metade da noite. Lánzase sobre nós cunha velocidade alarmante. A impresión débese quizais ás luces que estoupan na auga e nos fan pestanexar. Detrás de nós hai movemento, alguén que chega nun *jeep* negro e deixa o motor aceso. Chama por nós. Os insulares pónense dereitos, parecen tartarugas enormes nadas dun grande ovo. Atravesan a chuvia amodo, pasan ao meu carón e síntome como unha estranxeira inapreciable, branca coma a enfermidade e enchoupada baixo o impermeable azul escuro. Serían necesarios dous corpos coma o meu para facer un corpo resistente coma o deles. Pero malia todo, fun coma eles, cavei a illa coas unllas até decatarme de que a parte mol dos dedos pode endurecerse, que o corazón goberna o corpo e o modifica coa vontade, o seu mandato primeiro. Acomodámo-

nos na porta do condutor. Uso a carapucha de viseira, frego os ollos e tento comprender o que está a pasar. Mans a intercambiar moedas, billetes. Desde o interior do coche sae unha melodía de corda que parece celebrar o temporal. Compro a pasaxe cos pesos que saco da faldriqueira. O resto, o salario de tres meses, lévoo envolto en papel film entre a primeira camiseta e a pel.

Parece que a pasarela foi posta polo mar, coma se viñese a recollernos. A mochila faima camiñar inclinada. Unha corda pasa por dentro de cada puño e non as solto. Uns berros evitan que deixemos de avanzar. Introdúzome no barco pensando que non parecía tan inmenso e de súpeto silencio. Sons humanos apenas perceptibles, fóra do alcance dos elementos. Baixamos de lado uns banzos metálicos, asegurando ben cada movemento dos nosos pés. Detrás da porta hai unha bodega baleira. É un mercante, non un cruceiro. Déixannos caer coma se levásemos anos de peregrinación e algúns mirámonos aos ollos, quizais por vez primeira. O home que teño ao meu carón saca unha botella de *pisco* e bota un grolo longo. Ao rematar faina circular. A cerimonia da pipa: xa veremos como acaba. Quito o impermeable e o xerseí enchoupado e poño outro sucio e seco que atopo fozando ás apalpadelas na mochila. Non sei en que intre levantamos áncora, a bodega elévase e cae de novo sen parar. Ás veces esvaramos demasiado cara a un lado e a bombilla pestanexa até que outro golpe de mar nos recoloca. Unha vella ofréceme a botella cun sorriso en cada ollo e o da boca fanado. Acéptoa e bebo. Encántame, este sitio, os ollos estreitos e negros que nin queren nin rexeitan, esta fabulosa liberdade.

É o que vin buscar aquí, o cero primixenio. Cansa de inventar currículos, de ter que dicir e facer coma se a vida fose un relato, coma se un arame que levase chantado por dentro me fixese dereita e constante. O rumbo mata a viaxe, e se a vida ten que ser unha historia só pode ser unha historia mala. Que pensaba que estaba a facer deixándoo todo e aceptando unha vida de tres meses ao outro lado do mundo? Acababan de despedirme dun restaurante nun polígono industrial. Chegaba alí cada mañá facendo dedo. A meirande parte das veces chegaba tarde, e iso que saía da casa con dúas horas de antelación. O mellor momento do día era cando un coche ou unha furgoneta paraban na beiravía, a cen ou cento cincuenta metros, chamándome cos intermitentes. Eu corría coa bolsa ás costas e a chaqueta aberta, coma unha tola, exhalando o fume do frío e o do cigarro. Algúns condutores sorprendíanse cando se decataban de que era unha muller. Outros nin se decataban. Quince quilómetros de paz, de non estar en ningures, de asaltar a ruta coa que se castigaba de xeito cotián aquela xente amable. Encantaríame saltar dos automóbiles en marcha no canto de saudar e pechar a porta coma quen pecha o ataúde dun bo amigo, o dun inanimado. Que pensaba que facía ao deixalo todo? A destrutora posibilidade dun traballo semellante, un cuarto de tres por catro metros nun piso da periferia, amantes fúgaces coma estrelas, hoxe a queimarme nos dedos, mañá irrealis. Os días aparecían e desaparecían, idénticos, deitábaos cada noite grolo tras grolo, deitada na cama estreita cuns auriculares nas orellas e un cinceiro no peito. Vivira chantada nunha certeza impalpable, amalloada polas catro cousas necesarias que me diferenciaban dunha desposuída, dunha excluída. Precisaba encarar o baleiro, soñárao até convertelo nun mastro, o centro do equilibrio onde aferrarme cando a

vida esboroaba ao meu redor. Viña da nada, envelenada, e aspiraba a territorios ouveados.

Un chan duro e unha mochila por coxín. Compañeiros silenciosos. Eu dentro do buque, o buque dentro da tempestade, un sobre cheo de billetes no ventre. Esta noite todo saíu ben.

Quedo uns anos. O capitán ten cara de xogador, paciente, intelixente. Chámanlle *patrón*. A pel fina e vermella sáelle do pescozo da camisa coma unha segunda camisa que se cingue ás faccións minúsculas: queixo, boca, bigote, nariz, testa, en liña unha enriba da outra, cos ollos coma dous buratos a remachar cada orde e cada decisión. Deume traballo porque non pido soldo, só o leito e a comida. Creo que descubrín o que é a felicidade: erguerse asubiando, non amolar a ninguén, non dar explicacións e caer na cama de madrugada, co corpo atordado polo cansazo e a cabeza despoxada de toda poeira e fel. A bordo pensan que estou tola, que son a ovella negra dunha familia aristocrática e que alguén me matou os pais e os irmáns. Están convencidos de que estou aquí, amparada no anonimato da tripulación, para planear até o derradeiro dos detalles unha vinganza lenta e crúa. Deixo que pensen todo isto porque son cordiais, porque no fondo son máis irmáns ca os fillos dunha mesma nai. O barco arrólanos no seu líquido, ámanos, nútrenos, fai que nos miremos. Eu déixome levar, a vida crece sen superarme, concéntrase en cada minuto, implodiona, téñoa nas mans. Podo renunciar a calquera cousa porque nada é decisivo canto te negas e pechar a vida no calabozo dos relatos.